

Tropa Verde Redondela

Agora Reciclar en Redondela ten
Premio!!



CONCELLO DE REDONDELA



A empresa Teimas Desenvolvemento, en colaboración co Concello de Redondela puxeron en marcha o proxecto **Tropa Verde**. Esta iniciativa, activa dende o pasado **9 de xaneiro** pretende concienciar ós veciños de Redondela da importancia da reciclaxe e a **correcta xestión dos residuos**, ó mesmo tempo que **potencia o comercio local**.

O proceso para participar é sinxelo. Os participantes teñen que inscribirse a través da web tropaverde.org. Cando leven os seus residuos os puntos asignados a tal efecto ou envíen fotografía reciclando nos minipuntos limpos e colectores de aceite, obterán un cheque con un código que deberán introducir na mesma web. Entón, recibirán uns puntos, chamados “estrelas”, que se poderán canxear por produtos e descontos no comercio e na hostalería local.

A Tropa Verde está a ter unha excelente acollida entre os comerciantes, xa se conta cunha rede de máis de **55 establecementos colaboradores**. A continuación un listado dos mesmos:

Redondela					Chapela
Vaia Tela	Óptica 3Rd	Anaqueel Gourmet	78 Gastro Bar	Coser e Cantar	Muebles Álvarez
Zíboris New	Once y doce	Pescadería O Berberecho	Marga González Centro de Estética	Susuela	Lambonadas
Escondidiño	Coco & Colet	A tenda da Loura	Clínica Dental Oral Klass	Reciclaxes Printeco	Nosa Barbería
Aurora	Doble L	Lúa Lencería	Donnabella	Óptica Pereira	AG System
Vichy telas	Koqueta	El Testa	Como agua de Mayo	Almenara	Neagari Floristería
Mandamama	La cortinería	Arima peluquería	Peluquería Begoña Villaverde	SML	As túas Cousas
Terrafirme	Madison	Bar Rivas	Fotografía Sandra Bastos	Barrio Sport	Villamarín Diseño
Cacharela Artesanía	VIMAR	Neska	Redondela Comercio xusto	Hipercazados Raul	
Luis Varela moda	Óptica Travesía S.L.	Joyería Tejo	Librería Hijos de Amador Pérez	W52	

As recompensas que reciben os bos recicladores inclúense en oito categorías distintas: Hostalería, Comercio, Cultura, Concello, Deporte, Saúde, Infantil e Estética. Entre elas pódense atopar dende toallas ata descontos en tendas de moda, pasando por colaboradores que regalan porcións de tarta caseira, gominolas, set de costura, plantas etc.

Os datos demostran o éxito da iniciativa:

- 55 establecementos de comercio e hostalería local colaboran coa iniciativa.
- Máis de 700 recompensas e descontos por un valor de case 2.500 € que se seguen a incrementar.
- **Multiusos da Xunqueira e Piñeiral do Crego** coma emisores de cheques ao levar tapóns de plástico.
- **Mini-puntos limpos** en Redondela e Chapela: Pequenos puntos onde podes depositar os residuos. Se pode depositar: CDs e DVDs, cartuchos de impresora, teléfonos móbiles e cargadores, aparellos eléctricos e electrónicos, pilas ou bombillas baixo consumo led. Depositando aquí os residuos se consegue un cheque de 30 estrelas. Para iso débese enviar unha foto depositando o residuo no mini-punto limpo ás redes sociais da Tropa Verde ou ó correo info@tropaverde.org
- **Colectores de aceite** en Redondela e Chapela: Colectores onde podes depositar aceite de cociña usado. Depositando aquí os teus residuos consigues un cheque de 30 estrelas. Para iso debes enviar unha foto depositando o residuo no colector de aceite ás redes sociais da Tropa Verde ou ó correo info@tropaverde.org
- **Redes sociais activas:** Facebook: [Tropa Verde Redondela](https://www.facebook.com/TropaVerdeRedondela) (@tropaverderedondela) (165 usuarios) Twitter: [@tropaverdeRDNDL](https://twitter.com/tropaverdeRDNDL)
- Actualización continúa da web según se incorporen colaboradores e lugares onde acadar cheques.



Os establecementos colaboradores da Tropa Verde identifícanse cunha pegatina na porta.

Que é Tropa Verde?

Tropa Verde é unha plataforma multimedia que ten por **obxectivo fomentar a reciclaxe e a responsabilidade ambiental** entre a cidadanía **premiando de forma directa** as boas accións medioambientais.

A web **www.tropaverde.org** conecta os **tres elementos necesarios** para conseguir dito obxectivo:

- a **ciudadanía**
- os **lugares** onde os cidadáns e cidadás podemos depositar residuos e **onde nos premiarán con cheques** da Tropa Verde
- aqueles **comercios e establecementos de hostalaría** que colaboran aportando agasallos e/ou descontos



Como funciona Tropa Verde?

O funcionamento é moi sinxelo: cada vez que calquer cidadán deposite un residuo (nos lugares que se indican no apartado "[Gaña estrelas](#)" da web) recibe un cheque con estrelas (puntos). Esas estrelas pódese ir acumulando na súa conta para trocalas por descontos e agasallos que aparecen no apartado "[Recompensas](#)". As recompensas apórtanas os comercios e establecementos de hostalaría que colaboran como patrocinadores da plataforma.